



## COPA "FEDERACIÓN GALEGA"

### PRIMEIRA DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA

#### FÓRMULA E DATAS DE COMPETICIÓN

Esta Competición desenrolarase en dúas Fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

**1ª Fase:** Os doce (12) equipos participantes distribuiranse en tres grupos de catro (4) equipos cada un. Xogarase polo sistema de liga, baixo a fórmula de todos contra todos a unha soa volta dentro de cada grupo.

**2ª Fase ou Fase Final:** Xogarán os equipos clasificados en primeiro lugar de cada un dos grupos da 1ª Fase e o mellor segundo clasificado dos tres grupos da citada Primeira Fase. Xogando baixo o sistema de eliminatoria a partido único, nun mesmo fin de semana, no terreo de xogo e localidade que determine a Federación Galega de Balonmán.

Os gastos de arbitraje e do Delegado Federativo desta 2ª Fase ou Fase Final correrán a cargo da entidade organizadora.

O emparellamento dos equipos da eliminatoria de semifinal se fará por sorteo, que terá lugar nos locais da Federación Galega de Balonmán o día 11 de outubro de 2018, ás 17.00 horas.

*Na eliminatoria de semifinais non poderán coincidir os equipos que na 1ª Fase da Competición estiveran no mesmo grupo.*

#### SEMIFINAL

- |     |          |                      |
|-----|----------|----------------------|
| (1) | 1º Grupo | 1º Grupo             |
| (2) | 1º Grupo | Mellor Segundo Grupo |

#### TERCER E CUARTO POSTO

PERDEDOR SEMIFINAL 1	PERDEDOR SEMIFINAL 2
----------------------	----------------------

#### FINAL

VENCEDOR SEMIFINAL 1	VENCEDOR SEMIFINAL 2
----------------------	----------------------



## DATAS DE CELEBRACIÓN

A 1ª Fase desenvolverase entre os días 23 de setembro e 7 de outubro de 2018.

A 2ª ou Fase Final desenvolverase os días 27 e 28 de abril de 2019.

## DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

Para establecer o mellor segundo clasificado dos tres grupos da 1ª Fase da Competición se terá en conta o establecido no punto 3º do Artigo 13 do Regulamento de Partidos e Competicións da Real Federación Española de Balonmán.

Nas competicións, que se desenvolvan en máis dun grupo, se obterá una distribución lineal dos equipos conforme aos seguintes criterios:

- a) Número de puntos obtidos.
- b) Maior diferenza de goles a favor e en contra.
- c) Maior número de goles marcados

No suposto de xogarse distinto número de partidos, se obterá un coeficiente resultante, dividindo o factor a considerar polo número de partidos xogados por cada equipo.

Estas Normas específicas da Copa "Federación Galega" de Primeira División Autonómica Masculina, complementanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia - , en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas Bases específicas. Así mesmo, as devanditas normas complementanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.